

# “Para saír fóra de Galicia xa non fai falla escribir soamente en castelán”

O escritor Agustín Fernández Paz vén de gaña-lo premio Edebe 1994

*Un exemplar de 'Arredor de nós' de Risco baixo o televisor. Videos de Tintín en galego. Moitos libros. Unha sá ordeada e luminosa. Un home de 46 anos que mira ós ollos, que xesticula e xoga cun bolígrafo mentres fala. Agustín Fernández Paz.*

**SANTIAGO. Pilar Rodríguez** O gañador do premio Edebe de literatura xuvenil 1994 amósase ilusionado. Para él, máis có recoñecemento, o importante é que o premio sexa a nivel estatal. “Disque para saír fóra de Galicia hai que escribir en castelán. Eu sempre defendín que podemos saír a calquera sitio. Somentes faltan as canles adecuadas.” Agustín —como quere que o chamen— propúxose demostrar que unha obra en galego pode competir en pé de igualdade con outras en castelán. Con esa certeza presentouse ó premio Lazarillo no 90 e a éste, Edebe, no 93. Conseguiu acadalos dous. “O tema económico non é para min o máis relevante. Eu sempre dubido se o que escribo vale a pena ou non, e os premios, aínda que teñen algo de azar, tamén son unha reválida”.

## Os nenos e a literatura

Para Fernández Paz, a literatura xuvenil galega, ó contrario que a castelá, está atravesando unha fase de ‘boom’. “Eu noto que cada ano que pasa estamos mellor. Estamos atopando ó público.” E, lóxicamente, ese público son os nenos. “Para que os rapaces lean, dado que non teñen poder adquisitivo, é necesario crear canles para que eles cheguen a coñecer-los libros. Esas canles son: a familia, a escola e as institucións. Eu coído que, en xeral, están a funcionar ben.”

## A literatura infantil

É un tópico dicir que a literatura dirixida a nenos é máis difícil que a adicada a adultos. Agustín Fernández Paz non está dacordo. “Non é que sexa máis difícil, senon que é distinta. É un xéne-

ro máis, como a novela negra ou a de aventuras. Pero non é distinta polos temas, como pensa moita xente: eu podo falar de racismo, de ecoloxía ou de sexismo. A diferenza está na lingua. Non tes a mesma liberdade, tanto no léxico coma na forma, que se escribas para un público adulto.”

Pero a literatura para rapaces encerra, para Agustín, outro xeito de liberdade. “Os escritores de literatura infantil e xuvenil temos unha avantaxe: socialmente, este tipo de literatura non está considerada. En realidade, non só a literatura. Todo o que é para a infancia e a xuventude na sociedade ten unha certa minusvaloración. Así que escribir para rapaces tampouco está considerado como algo serio, trascendente. Eu creo que esa é unha avantaxe tremenda, porque che permite escribir con máis tranquilidade.”

## Mestre de EXB

Fernández Paz é mestre de EXB. “Axuda moito ter enfrente tódolos días ós teus potenciais lectores.” É que Agustín, ante todo, escribe para que o lean. “A min gústame que me lean. Despois tamén escribo porque me produce satisfacción. É un traballo e é un placer.”

Agustín reconece que a literatura pode ser un xeito de educación. “Home, estando ligado á educación, podes plantexarte escribir cara a eses destinatarios. Pero non se debe caer na trampa do didactismo e a moralina. Os rapaces dánse conta.” O didactismo queda para os seus libros pedagóxicos, coma “Ler en galego”, o seu último proxecto.



O LAZARILLO, PRIMEIRO PREMIO NACIONAL PARA O AUTOR S. Sas

## ‘13 anos de Branca’: de nena a muller

A novela premiada foi, nun principio, un relato curto que figuraba no libro “Rapazas”, publicado hai catro meses. “Propúxenme facer un libro no que as protagonistas fosen rapazes que estiveran nesa idade fronteiriza entre a nenez e a adolescencia. Interesábame explora-lo que sucede nesa ‘terra de ninguén’. Díñme conta de que un céses contos daba para moito máis, e convertíño nun libro.” A protagonista da obra gañadora do premio Edebe deste ano é unha nena, Branca, que cae enferma cando vai cumprir 13 anos e debe pasar en cama unha tempada. Iso permítelle lembrar momentos importantes da súa vida, ó tempo que o lector descobre a súa personalidade e os seus secretos máis íntimos. “É unha novela intimista, máis de sentimentos que de accións, pero de lectura áxil e agradable.”

## Os comezos do ensino en galego: o colectivo ‘Avantar’

Agustín Fernández Paz empezou a escribir contos para utilizalos coma material didáctico nas súas clases, en 1979. Formaba parte dun grupo de mestres que, na zona de Ferrol, sentíase comprometido co ensino en galego. “Agora doume conta de que fixemos moitas cousas. Como non había materiais en galego, tiñamos que crealos nós e pasármolos en multicopista.” Aqueles mestres fundaron o colectivo “Avantar”, que canalizou o seu traballo nos primeiros libros de texto feitos en galego. “O ensino en galego fíxose con moitas incompreensións. Faciamos unha labor de ruptura que agora se ve que era necesaria.”

## O problema do ensino

“O problema do galego no ensino é un falso problema. O que sí existen son os prexuízos dunha parte da sociedade cara ó galego, e eses prexuízos maniféstanse no ensino.”

Fernández Paz quita importancia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que suspendeu o decreto de exención da lingua galega no ensino. “O tema das exencións é secundario. O sistema educativo ten que garantir que, ó saír da escola, un rapaz sexa competente en galego e en castelán. Para conseguir eso, hai que incrementar fortemente o uso do galego coma lingua vehicular. Hoxe o alumnado, en xeral, sae con máis competencia en castelán.”

O futuro da literatura galega depende da normalización lingüística. “Ten que haber un aumento do uso do galego no ensino. Así achegárase a literatura galega ás xeracións máis novas que, ó fin e ó cabo, son os potenciais destinatarios dos nosos libros.”